

# ATENCIÓN AO ALUMNADO DE INFANTIL

Xacobeo 2021

XUNTA  
DE GALICIA



Plan de **prevención**  
da **transmisión** da  
**COVID-19**  
nos centros educativos

DOCUMENTACIÓN VÍDEOS

Plan de **prevención**  
**da transmisión da**  
**COVID-19**  
nos centros educativos



# PROTOCOLOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO DE INFANTIL

Plan de **prevención**  
da **transmisión** da  
**COVID-19**  
nos centros educativos



# PROTOCOLOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO DE INFANTIL

Páxina 5

## 1. ATENCIÓN AO ALUMNADO DE INFANTIL

### 1.1 INTRODUCCIÓN

### 1.2. GRUPOS DE CONVIVENCIA E GRUPOS COLABORATIVOS

### 1.3. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

### 1.5. EDUCACIÓN PARA A PREVENCIÓN

### 1.6. A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS



# 1. ATENCIÓN AO ALUMNADO DE INFANTIL

## 1.1 INTRODUCCIÓN

Na Educación Infantil atopámonos con nenos/as de 3 a 6 anos. Isto pódese presentar nalgúns casos coma unha vantaxe e noutros coma un inconveniente.

Como principal vantaxe é a súa capacidade de asimilar certas prácticas como normais. Así atopamos que o modo de facer o lavado de mans, tusir ou esbirrar poñendo o cóbado diante da boca, etc., son maneiras que en moitos casos xa adquiriron sen esforzo e lles sae só, sen necesidade de recordalo. Pensemos que a esta idade a súa capacidade de adaptación é moi superior á do resto.

No lado das desvantaxes atopamos que son inquietos, tenden a tocar todo, levar todo á boca, compartir obxectos, e carecen de estruturas de razoamento que lles permita entender e cumprir as distintas obrigas.

O conxunto de todas estas cousas vai definir unhas medidas e protocolos específicos para o alumnado de Educación Infantil.

Non se pode perder de vista que estamos a falar dunha serie de medidas preventivas para evitar a aparición de novos gromos e eventualmente **deter unha posible transmisión** comunitaria. Polo tanto, as medidas que hai que adoptar encamiñanse cara a un labor de vixilancia e monitorización continuas, co gallo de lograr dou obxectivos:

- A detección precoz de novos casos.
- A identificación e seguimento dos seus contactos.

É importante coñecer a función da Central de Seguimento de Contactos (CSC) que será a encargada de localizar a todos os contactos dunha persoa contaxiada e clasificalos en estreitos ou non.

## 1.2. GRUPOS DE CONVIVENCIA E GRUPOS COLABORATIVOS

Como sabemos, as nenas/os de Educación Infantil atópanse nas súas primeiras etapas da educación, apenas saben ler ou non saben e tampouco poden razoar ou entender infinidade de cousas. Polo tanto é moi difícil que poidan cumprir as normas básicas de prevención e de protección.

Debido ás características destas idades, resulta moi difícil cumprir as medidas de distancia física da maneira adecuada. Ademais aquí atopamos co problema de que as/os nenas/os de menos de 6 anos están exentos de levar máscara. Isto determíno o feito de que non son constantes á hora de levala, e doadamente a tocan coas mans, non só a súa, senón tamén a dos compañeiros, intercambian, quitan, poñen, etc. En definitiva non deixa de ser un xoguete para eles. É certo que estes aspectos se van tratar e pouco a pouco se lles irá formando e educando neste tema. Pero en calquera caso, non hai garantía de que a norma de levar máscara sexa efectiva en grupos de nenas/os de menos de 6 anos.

Tendo en conta o anterior e como medida máis inmediata para os nenos e as nenas de Educación Infantil (e noutros ciclos) atópase o feito de formar os chamados Grupos de Convivencia ou máis coloquialmente Grupos Burbulla. Isto consiste en que dentro da escola, un conxunto de nenas/os, mestre/a e no seu caso coidador/a (nenas e nenos con necesidades especiais) illaranse do resto de grupos e non poderán interactuar con ninguén fóra do grupo (non poderán xogar con nenos/as doutros grupos, nin xuntarse para actividades deportivas ou de outro tipo que se realicen dentro do centro educativo) polo tanto garantirase a estanquidade en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo. Desta forma no caso de detectarse un contaxio dentro dun grupo, garantiase que non se transmitirá a outros grupos. Se ben se establecerán máis medidas para que a transmisión dentro do grupo sexa a mínima ou ningunha, o primeiro obxectivo é que o contaxio non vaia máis lonxe do propio grupo de convivencia.

Polo tanto na Educación Infantil (e tamén na Educación Primaria), a organización do alumnado establecerase, con **carácter xeral, en grupos de convivencia estable**, impedindo o intercambio de nenas/os, mestres/as ou coidadores entre grupos. Xa delimitados os grupos de convivencia estables, dentro de cada un non se aplicarán criterios de limitación de distancia, é dicir, os seus membros poden socializar e xogar entre si, sen manter a distancia interpersoal de seguridade de forma estrita. Poderase xuntar integrantes do mesmo grupo (nenos/as, mestra/e, coidador/a) a menos de 1,5 m. Sinalar que sempre se manterá a distancia de seguridade se é posible, pero non hai obriga se non se pode, xa que estas nenas e nenos precisan de numerosas interaccións moi próximas.

Co gallo de conseguir manter distancias de seguridade, inda que sexa parcialmente, dentro dun grupo de convivencia, e sobre todo para **mellorar a trazabilidade dos contactos**, estableceranse para traballar os chamados Grupos Colaborativos. Estes grupos colaborativos non son máis que subgrupos de traballo formados por nenos/as dentro do grupo de convivencia estable. Cada un dos grupos colaborativos terá un **máximo de cinco nenas/os**, aínda que sempre será mellor que sexa algún menos se o espazo e medios o permiten. Estes grupos colaborativos, preferentemente, deberán contar sempre cos mesmos nenas/os. É dicir, constituirase o reparto dos nenos e das nenas en grupos a principio do curso e tratarase de non intercambialos en todo o curso ou no caso de necesitarse, facelo á volta das vacacións longas (Nadal e Semana Santa)

O que se busca con esta medida de grupos colaborativos é que no caso de haber un neno ou unha nena con síntomas compatibles coa COVID-19, ou un contaxio confirmado, ou que algún dos nenos ou das nenas sexa contacto estreito na súa casa, etc. o Centro de Seguimento de Contactos (CSC) poida establecer con **rapidez e facilidade** a trazabilidade destes contactos.

Os diferentes **grupos colaborativos traballarán** cun distanciamento físico, que de forma xeral será de **polo menos 1,5 m** aínda que se podemos, mellor que sexa maior.

Dentro das actividades que hai que facer, reducirase o traballo de mesa simultáneo con gran grupo de nenos/as (tentarase que sexan traballos dentro dos grupos colaborativos). No caso de ter unha mesa longa ou espazosa asignaranse mediante sinalética nos espazos que poden utilizarse separados por unha distancia de entre 1 e 1,5 m.

Atopamos cunha excepción na normativa acerca da creación de grupos colaborativos. Esta excepción dáse nos casos das escolas unitarias, aulas unitarias de colexios rurais agrupados (CRA), unidades e aulas de centros de Educación Especial e aulas de Educación Infantil cun número entre 5 e 10 alumnos/as, que poderán establecer un único grupo colaborativo que coincidirá co grupo de convivencia estable. Non se trata dunha obriga, pero ten sentido que ao ser tan poucas/os alumnas/os, se estableza un único grupo colaborativo.





## 1.3. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

### 1.3.1. MÁSCARA

No ámbito da comunidade educativa as máscaras que se utilizarán serán as mesmas que no ámbito comunitario. Estas serán as máscaras hixiénicas que cumpran a normas UNE 0065 (reutilizables) ou UNE 0064 (desbotables), ou as máscaras cirúrxicas cando así se determine.

De acordo co establecido polo ministerio de sanidade na súa Guía de preguntas e respostas sobre a volta ao cole (02/10/2020) recoméndase a utilización de máscaras hixiénicas reutilizables, xa que posibilitan unha axeitada protección e unha mellor respirabilidade, ademais de ser unha opción máis sostible. Só en poboación con condicións de saúde de especial vulnerabilidade para a COVID-19 se pode propoñer a posibilidade de utilizar máscara hixiénica ou máscara cirúrxica. Este é o caso que afecta ao uso de máscaras no espazo de illamento COVID.

Polo tanto e de acordo coas recomendacións do Ministerio de Consumo na súa Guía. Que debes ter en conta ao mercar unha máscara? As persoas sas utilizarán preferentemente máscaras hixiénicas. As persoas sintomáticas ou asintomáticas positivas deben elixir con prioridade máscaras cirúrxicas. **O alumnado san a partir de 3 anos (a partir dos 6 anos con carácter obrigatorio) debe usar máscaras hixiénicas acordes a cada rango de idade.** Os nenos e as nenas positivos/as por COVID-19 deben usar preferentemente máscaras cirúrxicas ou hixiénicas con especificación UNE. No caso de poboación vulnerable recoméndase usar o tipo de máscara segundo indicación médica. As máscaras son só un medio complementario de protección e actúan en conxunto co resto de medidas preventivas pautadas polas autoridades sanitarias.

De acordo con estas pautas calquera mención ou referencia a máscaras no presente protocolo, incluídas as referencias a máscaras transparentes, entenderase referida a máscaras hixiénicas (preferentemente reutilizables), salvo que expresamente se indique que estas serán cirúrxicas ou EPI, facéndose constar neste último caso a tipoloxía concreta referida (FFP1, FFP2 ou FFP3).

**As máscaras con válvulas exhalatorias están prohibidas en Galicia** no DOG nº 126, por Resolución do 25 de xuño de 2020 da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

Respecto do alumnado, a máscara nos ciclos primeiro e segundo de Educación Infantil non é obrigatoria. En concreto e de forma xeral, non se recomenda o seu uso en menores de 3 anos e está expresamente contraindicado en menores de 2 anos polo risco de asfixia que supón.

Pese á falta de obriga para nena/os de entre 3 e 6 anos, **é recomendable que na medida do posible fagan uso dela nas aulas, a pesar de estar en grupos de convivencia estables.** É importante sinalar que esta recomendación vai acompañada coa supervisión por parte do persoal docente na medida que sexa posible. Ter en conta que unha máscara mal usada pode ter máis perigos que non usar máscara. Estes perigos veñen sobre todo porque os nenos e as nenas tocan a máscara coas mans e logo tocan os obxectos e a outros/as nenos/as. Tamén poden vir porque os nenos/os intercambien ou confundan as súas máscaras. En calquera caso, é unha medida recomendable. No caso de adoitarse esta medida, cumprírase co protocolo xeral de máscaras no alumnado:

- Será obriga do alumnado levar cando menos unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.



O persoal docente e non docente que teña contacto con calquera grupo de nenas/os de Educación Infantil **usará máscara de forma obrigatoria**. Tendo en conta que posiblemente os/as nenos/as non leven máscara ou o seu uso sexa deficiente e que a distancia de seguridade entre os/as traballadores/as e os nenas/os non se pode respectar, poderíase indicar o uso por parte do profesorado de máscaras cirúrxicas ou de tipo autofiltrante (FFP), **só en función da avaliación do risco de cada caso por un Servizo de Prevención de Riscos Laborais**.

Á parte das excepcións comentadas (menores de 3 anos), a máscara non será esixible para os e as alumnos/as que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a.

No caso de que haxa alumnado que non poida usar máscara por algunha das excepcións, intensificaranse o resto de medidas de prevención, sen que esta situación poida interferir no seu dereito a unha educación presencial.

No caso do profesorado que non poida usar máscara por algunha das excepcións, realizarase unha **avaliación individualizada por parte dos Servizos de Prevención de Riscos Laborais**.



### 1.3.2. LAVADO DE MANS E XEL HIDROALCOHÓLICO

É unha das medidas estrela de hixiene de mans coma medida de prevención da transmisión do virus SARS-CoV-2. Porén cando falamos de nenos/as dos ciclos de primaria, atopamos co problema de que unha vez aplicado o xel nas mans e antes de secalas metan os dedos na boca, ou nos ollos ou incluso nos ollos ou boca doutro/a neno/a. Para evitar estes riscos, os dispensadores de xel hidroalcohólico non poden estar accesibles a estes nenos e nenas. Só poderán usar o xel na escola coa supervisión dun adulto que sea tope ao seu cargo.

Tamén é importante lembrar que os xeles con alcohol son produtos inflamables, e como tal hai que ter especial coidado de que non se produza un accidente. En ningún caso os/as nenos/as poden percibir o xel como un xoguete.

Por outro lado, lembremos que o xel hidroalcohólico non só está presente nas aulas senón tamén nos espazos comúns (na entrada do colexio, comedor, etc.) polo que cando os nenas/os de Infantil acudan a estes espazos haberá que ter particular coidado de que non collan xel sen supervisión dos adultos.

Por todo isto, para o alumnado de 1º e 2º ciclo de Educación Infantil, restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico e **priorizarase o uso de agua e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas.**

Vai ser fundamental por parte dos docentes **xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia** (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van ao baño...) ademais de **medidas de educación sanitaria**. Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans.



### 1.3.3. OUTRAS

Quérese deixar constancia neste apartado, que o uso de luvas non é recomendable de forma xeral, salvo para tarefas de limpeza.

As luvas dan unha sensación de falsa protección. Isto se deriva de que con luvas postas tendemos a pensar que estamos protexidos do que poidamos tocar. Porén é moi fácil que coas propias luvas toquemos a cara (nosa ou dos/as nenos/as) ou outras partes sensibles a infección. Por iso só se recomenda para as traballadoras e os traballadores que fan tarefas de limpeza. Tampouco son recomendables para desinfeccións puntuais coma dun xoguete, unha mesa, etc. onde o que se recomenda é hixiene de mans tras finalizar a limpeza puntual.



## 1.4. MEDIDAS DE PROTECCIÓN COLECTIVAS

### 1.4.1. MATERIAIS COMPARTIDOS

Nas actividades dos nenos e das nenas utilizaranse obxectos e xoguetes de fácil limpeza e desinfección. Estes materiais non serán de moitas pezas e serán de fácil desinfección. De haber xoguetes ou elementos de tela coma estoxos ou peluches, tense que poder lavar a elevadas temperaturas. Aconséllase eliminar xoguetes ou obxectos que non sexan estritamente necesarios (especialmente se son de tela)

Para o xogo en recantos (ambientes) delimitarase e organizarase o seu uso de xeito individual, garantindo a desinfección posterior ao seu uso, tanto do espazo como dos materiais.

### 1.4.2. MERENDAS E RECREOS

A merenda realizarase de xeito individual en grupos colaborativos e en espazos diferenciados. No caso de ser posible farase no patio exterior para garantir o distanciamento, sempre que o tempo o permita.

Nos recreos débese reforzar a vixilancia, procurando evitar o contacto ou ben organizar distintas quendas. Lembrar que os grupos de convivencia estables non poden mesturarse con outros. A organización dos recreos poderá limitarse a un só grupo con alternancias horarias entre grupos, a criterio da dirección do centro. Sinalar que é a separación por medios físicos ou temporais é a mellor garantía de evitar contactos entre grupos.

Os elementos de xogo nos recreos como tobogáns, non deberían empregarse. O mesmo se aplica aos areeiros, xa que provoca a xuntanza entre o alumnado.

### 1.4.3. MEDIDAS NAS AULAS

As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

Moi importante lembrar que a ventilación é unha das medidas máis eficaces para minimizar a transmisión, e que se recomenda ventilar de forma continuada ou frecuentemente (ver documento de ventilación). Agora ben, con nenos/os tan pequenos coma os de infantil, hai que ter unha especial precaución para evitar accidentes ao ter as xanelas abertas. De feito a mellor garantía é que se establezan medidas físicas que lles impidan o acceso a estas. No seu caso, valorar o risco de ventilar fronte a un accidente. Isto non quere invitar a non ventilar, senón a buscar formas de garantir que non haxa accidentes coas fiestras abertas.

### 1.4.4. OBRADOIROS

Os obradoiros serán adaptados a grupos máis reducidos. Xa non nos podemos propoñer facer os obradoiros con todo o alumnado xunto nun mesmo grupo. Moitas veces os espazos son moi pequenos para compartir entre todos. Deberemos facer grupos máis reducidos e procurar a desinfección do material despois de cada uso (por exemplo robótica, xogos, ferramentas da horta, etc).



### 1.4.5. PROXENITORES OU TITORES LEGAIS NA ESCOLA

Neste nivel de ensino, as nenas e nenos poderán chegar ao centro acompañados dun familiar e agardar nun espazo diferenciado para a entrada. Os acompañantes sempre deben levar posta a máscara.

Á parte do caso anterior, non se admite a entradas proxenitores ou titores legais das nenas e nenos no centro educativo, agás que:

- A súa presenza sexa requirida polo centro.
- Por procesos administrativos obrigatorios.
- Salvo razón xustificada.

Os horarios de atención ás familias nunca serán coincidentes cos horarios de entrada e saída do centro, intercambios de clase nin co recreo.

Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou que xogue neles, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto.





## 1.5. EDUCACIÓN PARA A PREVENCIÓN

Ata o de aquí definimos unha serie de medidas de prevención e protocolos para se realizaren nos diferentes espazos que ocupa o alumnado da Educación Infantil. Pero agora toca propoñer como explicarlles a estes nenos/os tan pequenos as diferentes medidas de prevención e a obriga de cumprilas de forma correcta.

Para conseguir os obxectivos do parágrafo anterior hai que xerar un **sistema de educación sanitaria para posibilitar unha correcta hixiene de mans, hixiene respiratoria e o uso adecuado da máscara**. Como primeiro paso, recoméndase

- Concienciación do alumnado coa pandemia.

- A correcta hixiene de mans: limpeza das mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos...) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer, usar os aseos ou tocar material susceptible de ser compartido.
- Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do codo e sempre afastándose do resto das persoas.
- Uso correcto da máscara, xa que un mal uso pode entrañar máis risco de transmisión. Débese utilizar cubrindo o nariz e queixo, sendo moi importante axustala ben á cara, e manipulala unicamente polas tiras.

Loxicamente todas estas explicacións deberanse facer con actividades presentadas como lúdicas. Dentro destas actividades pódense explicar as ilustracións dos carteis repartidos por todo o centro, de cara a que as nenas e nenos identifiquen os debuxos coas accións que deben facer.

Conseguir a participación do alumnado facendo que sexan parte na promoción da prevención de contaxios pode ser clave para conseguir unha cultura e sistema de educación para a saúde.

A educación para a prevención tamén debe incluír ás familias, cun conxunto de informacións, nas que entre outras se fará especial mención a o uso, colocación e limpeza das máscaras.

## 1.6. A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Ata o de agora estamos a tratar as medidas de prevención dende un punto de vista da sanidade. É evidente que o problema da pandemia do virus SARS-CoV-2 se está a tratar e dirixir dende o Ministerio de Sanidade, xa que se trata de controlar un problema de saúde. A meirande parte das medidas de prevención (máscaras, hixiene de mans, ventilación, etc.) veñen como obriga de sanidade e son aplicables a toda a poboación.

Os protocolos específicos da educación son unha adaptación das medidas xerais indicadas polo Ministerio de Sanidade ou a Consellería de Sanidade e atenden tamén a Prevención de Riscos Laborais. Buscan dun lado cumprir coas obrigas en materia de saúde para controlar a pandemia e por outro garantir a protección dos traballadores e traballadoras fronte aos riscos que poidan ter no traballo. Neste caso o risco é o de contaxio co virus SARS-CoV-2. Como ben vimos, as medidas de prevención veñen impostas dende un punto de vista da sanidade.

Calquera toma de decisión sobre as medidas preventivas a adoptar deberá basearse en información solicitada mediante a **avaliación específica do risco de exposición**, que se realizará sempre en consonancia coa información achegada polas autoridades sanitarias.

Facilitaráselles ás traballadoras e traballadores o nome, número de teléfono, enderezo, e outros datos de contacto do Servizo de Prevención de Riscos Laborais que teñen asignado. Será o seu labor avaliar o risco de **exposición de determinadas actividades** máis aló das presentadas nos protocolos de educación e **decidir sobre as medidas preventivas que hai que adoptar en cada centro**.



A modo de exemplo se expoñen os casos máis comúns, pero non os únicos:

- Caso do profesorado que non poida usar máscara por algunha das exencións indicadas no punto 2.1, realizarase unha avaliación individualizada por parte dos Servizos de Prevención de Riscos Laborais.
- O persoal docente e non docente que teña contacto con calquera grupo de nenos/as de Educación Infantil, tendo en conta que posiblemente as/os nenas/os non leven máscara ou o seu uso sexa deficiente e que a distancia de seguridade entre os/as traballadores/as e os nenos/as non se pode respectar, poderíase indicar o uso por parte do profesorado de máscaras cirúrxicas ou de tipo autofiltrante (FFP2, FFP3), **só en función da avaliación do risco de cada caso por un Servizo de Prevención de Riscos Laborais.**
- No caso do alumnado que non poidan usar máscara por algunha das exencións indicadas no punto 2.1, realizarase unha avaliación individualizada por parte dos Servizos de Prevención de Riscos Laborais sobre os postos de traballo do persoal docente e non docente que estea en contacto co alumnado.
- De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os **traballadores e traballadoras vulnerables para Covid-19** realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa. **O servizo sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais deberá avaliar a existencia de traballadoras ou traballadores especialmente sensibles á infección por coronavirus e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias,** seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2.



## 2. BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

- Documento [Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021](#), versión 04-11-2020, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Consellería de Sanidade.
- Documento [Medidas de Prevención, Higiene y promoción de la Salud frente a COVID-19 para centros educativos en el curso 2020-2021](#) Ministerio Sanidad, 08 de febrero de 2021.
- Documento Técnico [Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos](#), Ministerio de Sanidad, versión do 26 de febreiro de 2021.
- Documento [MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL](#), de 18 de decembro de 2020, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Consellería de Sanidade.
- Documento [PROTOCOLO DE ATENCIÓN EN URXENCIAS SANITARIASE ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO CON ENFERMIDADE CRÓNICA](#), depósito legal C 1354-2018, autores varios, Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, 2018.
- Documento [AUTOAVALIACIÓN COVID-19](#), Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade.
- Documento [Recomendación sobre a ventilación en centros educativos](#), de 04 de novembro de 2020, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Consellería de Sanidade.
- [Resolución do 25 de xuño de 2020 da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020](#) Xunta de Galicia, 25 de xuño de 2020.
- [Guía de Preguntas y Respuestas sobre la vuelta al cole](#), Ministerio de Sanidad, 02 de outubro de 2020.



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA